

Estimadas familias:

Informamos de que en cumprimento do establecido na Resolución do 10/09/2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, no mes de novembro levaranse a cabo as eleccións para a renovación parcial dos membros do consello escolar do centro.

Animamos aos pais/nais do alumnado, ao profesorado a presentar as súas candidaturas para formar parte do novo consello escolar do centro.

As vacantes que hai que cubrir son as seguintes:

- 2 para o sector do profesorado
- 3 para o sector de pais/nais (1 será representante da ANPA nomeado pola mesma
- 1 para o representante do Excmo. Concello de Lugo nomeado polo mesmo

Normas xerais:

- O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ao pai e a nai, ou de selo caso, aos titores legais
- A organización e supervisión do procedemento de elección de membros do consello escolar estará integrada pola directora do centro, un profesor ou profesora, un pai ou nai ou titor legal, un representante do persoal de administración e servizos, designados os tres últimos por sorteo público no que se preverá a designación de membros suplentes entre os que non se presenten como candidatos. Actuará de secretario/a o de menor idade
- No taboleiro interior do centro colocado a carón da porta da biblioteca estará exposto o censo de pais/nais do centro (poderase presentar, se procede, reclamacións a dito censo)
- Seguindo o calendario, os pais/nais interesados poderán retirar as papeletas na secretaría do centro
- Os votos serán directos, secretos e non delegables. Cada elector/a acreditará a súa identidade coa presentación do DNI ou outro documento oficial acreditativo da súa identidade.
- Aos membros da Xunta Electoral, aos membros das mesas electorais e aos electores seralles aplicado o permiso laboral recollido no artigo 117 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia e recibirá unha xustificación da dirección do centro pola súa asistencia.

REFERENCIAS LEXISLATIVAS:

L0 2/2006, Decreto 92/1988, Decreto 324/1996, Resolución 10/09/2024



The image shows a handwritten signature in black ink over a circular official stamp. The stamp is blue and contains the text 'XUNTA DE GALICIA' at the top, 'CEIP ROSALÍA DE CASTRO' on the right, and 'CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES' around the bottom. In the center of the stamp is the coat of arms of Galicia. The signature is written in a cursive style.